

Recurso nº 94/2019**Resolución nº 98/2019****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 2 de maio de 2019.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por BRUAL CONTRATAS Y OBRAS PÚBLICAS,S.L. contra os pregos da contratación dunha concesión do servizo público integral de iluminación exterior do Concello de Ponteceso, expediente 2019/C005/000001, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adelante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Polo Concello de Ponteceso convocouse a licitación do contrato concesión do servizo público integral de iluminación exterior do Concello de Ponteceso, expediente 2019/C005/000001, cun valor estimado declarado de 5.432.173,50 euros.

Segundo.- O 10.04.2019 BRUAL CONTRATAS Y OBRAS PÚBLICAS,S.L. interpuxo recurso especial en materia de contratación, a través do formulario telemático existente a tal fin na sede electrónica da Xunta de Galicia, con enlaces na web deste Tribunal. En trámite de emenda, acreditou poder suficiente para interpoñer o recurso.

Terceiro.- Con data 11.04.2019 reclamouse ao Concello de Ponteceso o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adelante, LCSP). Ante a falta de remisión polo

Concello, este Tribunal Administrativo en 25.04.2019 concedeulle un novo prazo de dous días hábiles para a súa remisión ou manifestación de que serva a remisión do expediente efectuada para o recurso especial 87/2019, con mención de que de non responder nese prazo, entenderíase que o expediente administrativo para este recurso é coincidente co do recurso 87/2019. Non se recibiu resposta.

Cuarto.- Na data 23.04.2019 este TACGal ditou a Resolución 88/2019, pola que estimou parcialmente o recurso especial 87/2019 interposto pola empresa EKOLEDs INNOVATIONS, S.L. contra os pregos da concesión do servizo público integral de iluminación exterior do Concello de Ponteceso, expediente 2019/C005/000001. A citada Resolución 88/2019, directamente executiva nos seus propios termos, anulou a contratación e seus pregos reitores e, consecuentemente, deixou sen obxecto outros recursos especiais interpostos con posterioridade contra dita licitación.

Quinto.- Examinado o expediente administrativo, tendo en conta a citada Resolución TACGal 88/2019 e ao abeiro do artigo 55 LCSP, procedeu ditar a presente Resolución.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- O presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual aprobado polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro.

Terceiro.- A recorrente está lexitimada para interpoñer o presente recurso aínda que non teña a condición de licitador, pois precisamente as bases da convocatoria provócanlle ao seu entender un prexuízo que pretende remediar coa interposición do recurso e a obtención dunha resolución favorable. Neste sentido, as prestacións do contrato ao que se refire esta impugnación están incluídas no ámbito da súa actividade empresarial. Así se ten pronunciado este TACGal en Resolucións anteriores, por exemplo a 2/2018, 46/2018 ou 52/2019.

Cuarto.- Vistas as datas descritas, o recurso interpúxose dentro de prazo.

Quinto.- Segundo a cláusula 2 do PCAP estamos perante unha de concesión de servizo público, das contempladas nos artigos 284 a 297 LCSP, polo que ao ser o seu valor estimado superior a 3.000.000 €, o recurso é admisible ao abeiro do artigo 44.1.c) e 2.a) LCSP.

Sexto.- Como se citou no antecedente de feito sexto, este TACGal ditou a Resolución 88/2019, do 24 de abril, que estimou parcialmente o recurso especial interposto por EKOLEDs INNOVATIONS,S.L. contra os pregos da concesión do servizo público integral de iluminación exterior do Concello de Ponteceso. No seu fundamento xurídico décimo primeiro se di:

“Décimo primeiro.- En definitiva, procede estimar parcialmente o recurso presentado e anular as cláusulas dos pregos conforme ao indicado nos distintos fundamentos desta Resolución, con retroacción das actuacións ao momento anterior á elaboración dos mesmos, a fin de que nos novos pregos que, no seu caso, se aprobasen se teña en conta o aquí exposto. Nese sentido, e estando a visita ás instalacións prevista na licitación como elemento avaliable, a súa anulación leva consigo a anulación da propia licitación, de conformidade co sinalado na Sentenza do TXUE de 4 de decembro de 2003, asunto c-488/01.”

Esa Resolución 88/2019, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa, segundo establece o artigo 59 LCSP, anulou os pregos e a propia licitación. En virtude disto, prodúcese o efecto inmediato de deixar sen obxecto outros recursos especiais interpostos contra dita licitación por razón da perda sobrevida do seu obxecto, polo que o recurso debe inadmitirse.

Igual criterio adoptan en situacións asimilables outros Tribunais Administrativos: por citar algunha, a Resolución 131/2018 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Junta de Andalucía ou a Resolución 28/2015 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais de Castela e León.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Inadmitir** o recurso interposto por BRUAL CONTRATAS Y OBRAS PÚBLICAS,S.L. contra os pregos da contratación dunha concesión do servizo público

integral de iluminación exterior do Concello de Ponteceso, expediente 2019/C005/000001, por terse producido a perda sobrevenida do seu obxecto.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.